

Análise FGE

Conclusións do 9º Informe de Cohesión desde unha perspectiva galega

Analizamos os resultados máis relevantes para Galicia do 9º Informe de Cohesión, o documento no que a Comisión Europea avalía cada tres anos a situación actual da cohesión económica, social e territorial da UE e presenta os progresos e leccións aprendidas no marco desta política.

Data de publicación: xuño de 2024

Contacto: bruselas@fundaciongaliciaeuropa.eu

1. Introducción

Desde a súa creación, a Unión Europea (UE) baséase nun ideal de solidariedade, igualdade de oportunidades e equilibrio territorial. O propio Tratado de Roma fixou o obxectivo de «*reducir as diferenzas existentes entre as diversas rexións e o atraso das rexións menos favorecidas*».

Desde o principio existiron grandes disparidades territoriais e demográficas en Europa, que poderían constituír obstáculos ao proceso de integración europea e á propia estabilidade e da UE. Por eso mesmo perséguese o obxectivo da **cohesión**, entendida como o desenvolvemento harmonioso de toda a UE, o equilibrio entre rexións e a redución das disparidades territoriais.

Ante a incapacidade das forzas do mercado de garantir por si soas unha repartición equitativa dos beneficios económicos e sociais do crecemento e o desenvolvemento na UE, a **Política de Cohesión** encárgase diso, apoiando aos Estados membro e ás rexións.

Actualmente, esta é a **principal política de investimento da Unión Europea**, composta dunha serie de instrumentos de financiamento denominados **Fondos Estruturais e de Investimento**, entre os que destacan o [Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional \(FEDER\)](#), o [Fondo Social Europeo Plus \(FSE+\)](#), o [Fondo de Cohesión](#), o [Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural \(FEADER\)](#) e o [Fondo Europeo Marítimo e de Pesca \(FEMP\)](#).

Para garantir a transparencia e avaliar a eficacia e eficiencia da política de cohesión, cada tres anos a Comisión Europea publica un **Informe sobre a Cohesión**, que avalía a situación actual da cohesión económica, social e territorial da UE e presenta os progresos e leccións aprendidas no marco da política de cohesión. Faio analizando unha ampla gama de indicadores, como a prosperidade económica, o emprego, os niveis de educación ou a evolución demográfica.

Nas próximas páxinas, presentaremos de maneira detallada os **principais resultados** que lanza a [9.ª edición do informe](#) -publicado pola Comisión o 27 de marzo de 2024- en relación coa situación de Galicia baixo o prisma da política de cohesión e desenvolvemento rexional europea.

Presentaranse os principais indicadores para as tres **dimensións** que compoñen o concepto de cohesión -a **económica**, a **social** e a **territorial**- así como a posición galega en relación coas tres grandes transicións que afectan á sociedade europea na actualidade- as **transicións ecolóxica, dixital e demográfica**-.


Algunhas das tendencias máis destacadas que se observan en Galicia son as seguintes:

- Galicia é unha rexión de renda media dentro da UE, caracterizada por un ritmo de crecemento económico alto nos últimos vinte anos, máis acelerado que o español e europeo.

- O mercado laboral en Galicia móstrase competitivo: supera o ritmo de crecemento medio europeo para os sectores TIC e as actividades científico-técnicas e administrativas.
- A nosa rexión ten unha taxa de educación superior (42,7%) e unha porcentaxe de adultos en formación (16%) por encima da media europea.
- Un 26% da poboación galega está en risco de pobreza ou exclusión social, superando a media europea en 4 puntos porcentuais.
- Galicia presenta unha das menores diferenzas entre as taxas de emprego feminino e masculino en Europa (6,6 p.p. fronte a 10,7 p.p. de media na UE).
- Galicia ten bo acceso a universidades (93,2% da poboación vive a 45 minutos ou menos en coche dunha/dunha), pero problemas no acceso a escolas primarias (só 58,8% vive a 15 minutos ou menos a pé dunha/dunha).
- Ourense e Pontevedra superarían as 1,000 mortes por millón de habitantes debido a temperaturas extremas en 2050.
- Galicia presenta un índice de risco socioeconómico ante a transición ecolóxica medio-baixo (33/100).
- O nivel de emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia é inferior á media da UE, pero tamén ten un gran potencial de produción de enerxías renovables desaproveitado.
- O saldo migratorio positivo das catro provincias galegas non logra compensar o saldo vexetativo negativo, o que provoca unha redución constante da poboación galega, debido principalmente ao envellecemento.

2. Cohesión económica

- **Índice de desenvolvemento económico** a nivel **NUTS 3** sinala que a nosa comunidade atópase entre **as rexións que experimentou un maior crecemento económico nos últimos vinte anos**.
- A nivel **de ingreso per cápita** (indicador do nivel de vida e desenvolvemento económico) **Galicia** atópase entre as **rexións da UE de renda media**, cun PIB per cápita medio do 78,7% da media da UE-27 en 2021, aínda que foi unha das **rexións europeas que máis creceu nesta dimensión** (por encima dos ritmos medios de crecemento español e europeo).



Map 3 Regional growth of GDP per head compared with growth in the EU and Member State, annual average, 2001–2021



Source: DG REGIO based on JRC-ARDECO data.

0 500 km


© EuroGeographics Association for the administrative boundaries

- **Resposta ás crises e recuperación económica: taxa de emprego.**
 - Aparece unha recuperación xeral a nivel europeo en 2022 (taxa de ocupación máxima histórica de case o 75%) pero con grandes disparidades entre rexións noroccidentais (mercados laborais máis sólidos) e meridionais-orientais.
 - **Galicia sitúase por baixo da media europea, cunha taxa do 69,2% de emprego** fronte ao 74,6% da UE.

3. Cohesión social


3.1 Evolución do mercado laboral

- **Crecedemento da taxa de emprego en sectores TIC 2013-2020:** no conxunto da UE este foi 14 puntos porcentuais (p.p.) superior ao crecedemento do resto de empregos (sen contar a agricultura). **Galicia** supera esta media e mostra ademais unha das **taxas máis altas de España:** 20,3 p.p. de crecedemento máis que o resto dos empregos.
- **Crecedemento da taxa de emprego en actividades científico-técnicas, administrativas e de servizos auxiliares (2013-2020):** en UE-27 creceron 8 p.p. máis que o resto dos empregos. **Galicia** tamén está por encima da media europea, cunha diferenza de 14 p.p.




3.2 Educación


- Taxas de educación terciaria (% de persoas entre 25 e 64 anos con educación superior):** taxa media europea do 34,3% en 2022. Taxas máis altas nas rexións máis desenvolvidas (38%) e nas rexións en transición (36%) que nas menos desenvolvidas (26%). **Galicia** atópase por encima **da media europea** cun **42,7%**.



Tertiary education rate




- Taxas de Educación e Formación Profesional (EFP) (% de persoas entre 25 e 64 anos graduadas en EFP):** taxa media europea do 35,3% (moito maior en Estados membro orientais e en zonas rurais). España ten unha das taxas máis baixas (inferior ao 20%). En Galicia é do **10,3%**.



Vocational education and training rate

% of population aged 25–64




EU-27 = 35.3

Source: Eurostat (edat_ifse_04).

- **Participación dos adultos en actividades de educación e formación (% de persoas entre 25 e 64 anos que participou nas últimas 4 semanas, datos de 2022): Galicia** sitúase por encima da media da UE do 12%; preto do 16% dos adultos galegos participaron nunha actividade formativa nas últimas 4 semanas.
- **Tasa de abandono escolar temperán dos estudos (persoas de 18-24 anos que completaron, como máximo, o primeiro ciclo do ensino secundario e non seguen estudando, media 2020-2022):** Diminución xeral na UE entre 2013 e 2022. Algunhas CCAA españolas (Andalucía, Murcia, Castela A Mancha, Cataluña e Baleares) ostentan algunhas das taxas máis elevadas da UE (superiores ao 16%). **Galicia** supera escasamente a taxa media da UE cun 10% de abandono escolar temperán.
- **Taxa de persoas AROPE (% de poboación en risco de pobreza ou exclusión social, é dicir, con pobreza monetaria relativa e/ou privación material ou social grave e/ou fogar case sen emprego, 2022):** A nivel europeo apréciase diminución sostida ata 2019, e logo se estanca.

Actualmente 95 millóns de europeos seguen sendo AROPE (entre eles 20 millóns de nenos e persoas en situacións desfavorecidas). As taxas máis elevadas seguen estando en rexións rurais orientais e do sur da UE. En España a media nacional é do 26% da poboación. **Galicia** ten unha proporción do **23,6%**. Se descompoñemos este indicador nos seus 3 compoñentes para Galicia:


- A privación social ou material severa afecta ao 6,3% da poboación galega (inferior á media europea do 6,7%).
- O 18% sofre pobreza monetaria, dous puntos porcentuais por encima da media europea e dúas por baixo da española.
- 9,5% de persoas vivindo en fogares con moi baixa intensidade de traballo, maior que a media europea (8,3%) e a media española (8,7%).



3.3 Igualdade de xénero

- **Diferenza de acceso a educación terciaria entre xéneros (diferenza en puntos porcentuais, persoas entre 25 e 64 anos, 2022):** Na UE o 37% das mulleres de entre 25 e 64 anos da UE tiñan un título terciario, fronte ao 31% dos homes. En Galicia, a proporción de mulleres que acceden a este nivel educativo 9,6 p.p. superior á dos homes.
- **Brecha de xénero no emprego (diferenza en taxas de emprego entre mulleres e homes, 2022):** o 69% das mulleres de 20 a 64 anos na UE traballaban en 2022, fronte ao 80% dos homes (diferenza de 11 p.p.). Obsérvase un crecemento desde 2013 no emprego feminino en rexións máis

desenvolvidas e en transición, e unha diminución en rexións menos desenvolvidas e meridionais. En Galicia a diferenza entre o emprego feminino e o masculino é de 6,6 p.p.



Map 2.15 Differences between female and male employment rates, 2022


Percentage point difference



EU-27 = -10.7
Source: Eurostat (fst_r_162amort)

0 500 km


- **Representación en postos de goberno e liderado (% de mulleres en asembleas rexionais, 2023):** as mulleres só alcanzaban ou sobrepasaban o 50% dos postos en asembleas rexionais en 16 de 285 rexións europeas NUTS 2, sen cambios a partir de 2021. **Galicia é a primeira rexión española e a terceira rexión europea** por proporción de mulleres na súa asemblea rexional (**53,3%**) (só a superan as rexións danesas Sjælland e Midtjylland, ambas as cun 53,7%).




4. Cohesión territorial

4.1 Nivel de conexión

- Rendemento do transporte en coche (% de poboación nun radio de 120 km á que se pode chegar en 90 minutos):** A **media da UE** en termos de rendemento de transporte por estrada é do **77,2%**. Tende a ser baixo en zonas pouco poboadas, especialmente en Europa do Leste, e alto nas rexións máis densamente poboadas do norte. **España (87,56%)** aumentou o seu rendemento nos últimos anos grazas a investimentos en infraestruturas de transporte. **Galicia** supera a media europea, pero está a gran distancia da media nacional, cun **77,4%**. Destaca a escasa conectividade na provincias de Lugo (**61,9%**) e Ourense (**52,4%**), fronte á excelente conexión da Coruña (**82,3%**) e Pontevedra (**85%**).




Map 3.4 Road transport performance (% of population within a 120-km radius that can be reached in 90 minutes) by NUTS 3, 2021




EU 27 = 77.2
Share of population within a 120 km radius that can be reached within 90 minutes by car.
Source: DG REGIO, based on Eurostat and Territori data (FR (RUP), JRC and IGN F).

- **Acceso a escolas primarias (% da poboación que vive a menos de 15 minutos a pé dunha escola primaria):** en Galicia é do **58,8%**, significativamente inferior á media nacional (82,4%) e algo inferior á media europea (64%). Ningunha provincia galega supera a media da UE, aínda que Coruña e Pontevedra teñen un acceso sensiblemente mellor (61,6% e 60,2%, respectivamente) que Lugo e Ourense (51,2% e 52,3%) á educación primaria.
- **Acceso a universidades (% da poboación que vive a 45 minutos ou menos en coche dunha universidade):** gran disparidade na UE entre rexións urbanas e rurais, e tamén entre Estados orientais e occidentais. En Galicia alcanza o **93,2%**, superando a media europea (89%) e case alcanzando a media española (93,6%). Gran variación entre provincias galegas (Pontevedra presenta unha proporción do 99,9%, A Coruña un 93,7%, Ourense un 90,2% e Lugo un 74,7%).



Universities

Share of population in a region, in %



EU-27 - 89.0

Access to a university campus within 45 minutes of travel by car, 2020.

HU: 2019; CZ: 2018; SI: 2016.

Sources: ETER register, OpenStreetMap, TomTom, Eurostat, IGN-F, REGIO-GIS.

- **Acceso a centros sanitarios (tempo de viaxe media en coche, en minutos, 2021-2022):** en Galicia é de 12,5 minutos, maior que a media española de 8,6 minutos (non hai dato sobre a media europea). A Coruña (11,9 minutos) e Pontevedra (11,5) teñen mellor acceso que Ourense (13,6 minutos) e Lugo (16 minutos).

4.2 Cooperación interrexional

- Galicia é unha rexión fronteiriza co Norte de Portugal. As **rexións fronteirizas** cobren máis do 40% da superficie da UE, xeran o 30% do PIB e albergan ao 30% da súa poboación, uns 150 millóns de persoas. A Comisión calcula que a **eliminación do 20% dos obstáculos transfronteirizos** na UE xeraría un **aumento do 2% do PIB** e máis dun millón de postos de traballo nas rexións fronteirizas.
- A cooperación territorial na UE desenvólvese a través do programa **Interreg**. O **subprograma Interreg-A** **céntrase** especificamente na

cooperación transfronteiriza (entre rexións fronteirizas). **Galicia** participa nos seguintes subprogramas:


- **Interreg POCTEP:** programa que promove o desenvolvemento e a cooperación transfronteiriza entre España e Portugal.
- **Interreg SUDOE:** fomenta a cooperación entre rexións do Suroeste de Europa (España e Portugal, as rexións suroccidentales francesas e Andorra).
- **Espazo Atlántico Interreg:** promove a cooperación, crecemento e abordaxe común de retos no espazo atlántico, entre rexións portuguesas, españolas, irlandesas e francesas.

4.3 Rexións con características xeográficas específicas

- Estas agrúpanse en 5 categorías: **rexións costeiras** (37% da poboación); **rexións fronteirizas** (28%), **rexións de montaña** (26%), **rexións insulares** (5%) **rexións ultraperiféricas** (1%) e **rexións setentrionais escasamente poboadas** (0,5%). **Galicia** é unha rexión **fronteiriza e costeiro**.
- Respecto ao **peso relativo dentro da UE**, en 2021, as **rexións costeiras** representaban a mesma **parte do PIB da UE que a súa poboación**, e as **rexións fronteirizas**, unha parte do PIB menor que o seu peso poboacional relativo.
- As **rexións costeiras** mantiveron o seu **PIB per cápita** desde 2001 a 2021 sempre por baixo **da media da UE-27** (excepto durante a crise do COVID-19, na que superou a media brevemente). Ademais, apréciase unha **diminución do PIB per cápita en relación coa media da UE** a partir de 2010. Nas **rexións fronteirizas**, en cambio, o PIB per cápita superou a media da UE durante ese período, e aumentou continuamente en relación coa media europea a partir de 2006.
- En canto á **taxa de emprego**, as **rexións fronteirizas** superan a media da UE en 2021 (76% fronte a 75%) e creceron máis rápido que a media europea durante o período 2011-2021 (9% fronte a 8%). As **rexións costeiras** tiñan unha taxa de emprego inferior, ao redor do 70%, pero experimentaron un aumento substancial ao longo da década.
- Respecto ás **taxas de desemprego** entre 2011 e 2021, as rexións **fronteirizas** tiveron unha taxa de desemprego inferior en 5 p.p. á media da UE, mentres que nas rexións **costeiras** situábanse por encima da media en 8 p.p.
- En canto á proporción da poboación de 25 a 64 anos con educación **terciaria**, as rexións **costeiras** foron as únicas que superaron, en 2021, a media europea. O resto de rexións con características especiais (incluídas

as **fronteirizas**) presentaban proporcións inferiores. Con todo, entre 2011 e 2021 esta proporción aumentou en todas as categorías de rexións, converxendo coa media da UE.

Figure 3.10 Change in social indicators in regions with specific territorial characteristics, 2011–2021



5. A transición verde

5.1 Efectos asimétricos do cambio climático nas rexións (escenario hipotético de quecemento global de 2°C para 2050)


- **Custos económicos adicionais (% do PIB):** No 76% de rexións NUTS 3 os **custos adicionais** serían inferiores ao 1% do PIB rexional, como é o caso das **provincias galegas** da Coruña (0,5%), Lugo (0,96%) e Pontevedra (0,63%). En Ourense os custos alcanzarían o 1,12% do seu PIB.
- **Exposición humana a impactos climáticos negativos (% da poboación):** na UE pasaríase do actual 21% da poboación afectada ao 24% para 2050. Algunhas rexións meridionais españolas chegarían ao 100% da poboación afectada. As **provincias galegas** atoparíanse nunha situación menos vulnerable, pero tamén preocupante; na Coruña a proporción de poboación afectada situaríase no 27,4%, en Lugo no 30%, en Pontevedra no 41% e en Ourense nun 57%.
- **Mortalidade por temperaturas non óptimas (mortes por millón de habitantes):** o número de mortes causadas por exposición a **frío ou calor extremos** por millón de habitantes en Galicia é menor á media nacional e europea. **Ourense** sería a provincia máis afectada, con 1.064 **mortes** proxectadas por cada millón de habitantes. Seguiríalle **Pontevedra (1.032 mortes)**, A Coruña (858) e Lugo (757).

5.2 Mitigación do cambio climático: redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI).


- As emisións de GEI na UE diminuíron un 27% entre 1990 e 2022 e hanse **desacoplado do crecemento económico**, que foi do 65% nese período.
- A **velocidade á que se reducen as emisións** tende a ser máis baixa nas capitais e máis alta en áreas industriais.
- A orixe das emisións varía entre rexións; en Irlanda e Dinamarca, a agricultura é a maior fonte de emisións, mentres que en rexións de Francia, Italia ou España (incluíndo a Galicia) é o **transporte**.

5.3 Riscos e capacidades rexionais para a transición verde


- **Riscos socioeconómicos da transición:** en comparación con outras rexións, **Galicia** presenta un nivel de risco **socioeconómico medio-baixo** ante os cambios e transformación requiridos para a transición ecolóxica, cun valor no índice de risco de **33 sobre 100**. Rexións máis dependentes de actividades dependentes de enerxías fósils teñen un maior risco, como Asturias (47,5/100) ou Castela A Mancha (49,8/100).



- **Capacidades en enerxías renovables e potencial desaproveitado:**
 - **Producción de enerxía renovable na UE:** A enerxía renovable representou o 21,8% do consumo enerxético bruto da UE en 2021, moi por baixo do obxectivo do 42,5% para 2030. Gran marxe de mellora; en 2023, as enerxías solar, eólica e hidroeléctrica produciron **972 teravatios hora (TWh)** de electricidade, fronte ao **potencial técnico dispoñible de 12.485 TWh anuais**.
 - **Potencial desaproveitado (cantidade de Megawatts-hora por quilómetro cadrado adicionais que se poderían producir nun ano):** Galicia ten un gran potencial de produción de enerxías renovables non aproveitado; cada ano, poderíanse producir 2.000 MWh/km² máis dos que se producen na Coruña, 3.325 máis en Lugo, 2.575 máis en Ourense e 2.251 máis en Pontevedra.



Map 4.5 Untapped potential from solar, wind and hydro power by NUTS 3 region




Potential annual production per unit area.
Source: JRC.


6. A transición dixital

6.1 Innovación rexional

- Nivel de gasto en Investigación e Desenvolvemento (I+D) (% do PIB rexional):** a media da UE sitúase no **2,3%** do PIB, estando concentrado en rexións desenvolvidas e capitais. **Galicia** sitúase en sétima posición a escala nacional, cun investimento en I+D do 1,1% do seu PIB, menos da metade que a media da UE-27. A única rexión española que alcanza a media europea é Euskadi, cun 2,32%.




- Número de solicitudes de patentes rexionais (solicitudes por millón de habitantes):** a nivel UE rexistráronse **126 solicitudes de patentes por millón de habitantes de media** entre 2018 e 2019. **España** presentou unha media de **31 patentes por millón de habitantes**, e **Galicia, 20**; moi por baixo da media europea, a enorme distancia das cifras de 200 e 300 patentes por millón de habitantes que se alcanzan en certas rexións de Alemaña, Austria, Bélxica ou Holanda.



- **Cadro Rexional de Indicadores de Innovación para 2023 (baseado no Índice de Innovación Rexional, composto por 21 indicadores que miden distintas dimensións da innovación):**
 - Cadro clasifica ás rexións en catro categorías de desempeño innovador: **Líderes en innovación** (36 rexións), **Innovadores fortes** (70 rexións), **Innovadores moderados** (69 rexións) e **Innovadores emerxentes** (64 rexións). Cada categoría ten á súa vez tres niveis:



- **Disparidade entre países;** en xeral, as rexións máis avanzadas en innovación adoitan estar en países líderes neste ámbito, e as rexións modestas en innovación, en países cun desempeño máis moderado.
- **Forte compoñente rexional:** hai diversas "**bolsas de excelencia**" rexional nalgúns países con innovación moderada (p.ex., Madrid e Euskadi en España) e tamén existen rexións atrasadas en países de forte innovación. Isto indica que **un dos factores que máis inflúen na innovación rexional é o nivel de desenvolvemento da propia rexión.**
- **Galicia é unha rexión innovadora moderada.**



Map 5.3 Regional Innovation Scoreboard, 2023



Source: European Commission - Regional Innovation Scoreboard 2023 and European Innovation Scoreboard 2023.


7. A transición dixital

7.1 Tendencias principais na UE

- Redución constante do **crecemento demográfico**.
- Progresiva **urbanización e suburbanización**.
- Progresivo **envellecemento da poboación e redución da poboación nova e en idade laboral**, especialmente en rexións remotas e rurais.


7.2 Situación demográfica de Galicia

- **Variación da poboación entre 2010 e 2021 (media de cambio anual por cada 1.000 residentes)**: en Galicia a poboación decrece neste período. En Pontevedra reduciuse anualmente en 0,78 persoas por cada 1.000 habitantes, na Coruña, en 1,34 persoas; en Lugo, en 6,57 persoas; e en Ourense en 7,25.




Esto débese a:


- **Un saldo vexetativo negativo (media de cambio anual por cada 1.000 residentes);** a poboación decrece de forma natural debido ao envellecemento, que xera un aumento da taxa de defuncións (maior que a taxa de natalidade). Isto acentúase en Lugo (-8,85 persoas por cada 1.000 residentes) e **Ourense** (-9,36 persoas por cada 1.000 residentes). A Coruña e Pontevedra teñen saldos negativos máis moderados (-4 e -2,41 respectivamente).



Average annual change per 1 000 residents




- **Un saldo migratorio positivo pero non suficiente como para compensar o descenso natural da poboación (media de cambio anual por cada 1.000 residentes):** o crecemento migratorio máis alto dáse na Coruña (+2,66 persoas por 1.000 residentes ao ano), seguido de Lugo (+2,29 persoas) Ourense (+2,12) e finalmente Pontevedra (+1,63).



- **Proporción de poboación nova (% de poboación de 0 a 29 anos en relación coa poboación de 30 a 59 anos, 2022):** a nivel UE-27 a proporción de poboación entre 0 e 29 anos respecto á de 30 a 59 anos era un 76% (139 millóns fronte a 183 millóns de persoas). En rexións do **noroeste de España** a diferenza chega a ser do 40% ou máis en favor do segundo grupo. As **provincias galegas** atópanse entre as **subregiones europeas con menor proporción de xente nova:**

- 59,1% de mozos en Pontevedra.
- 56,3% na Coruña.
- 53,5% en Ourense.
- 51,9% en Lugo (**segunda rexión con menor proporción de xente nova sobre xente adulta da UE**, só por detrás do *óblast* de Smolyan , en Bulgaria (50,6%).



7.3 Trampa de desenvolvemento do talento

- Las **rexións nunha trampa de desenvolvemento do talento** son aquelas que presentan:
 - Unha redución anual da poboación de 25 a 64 anos superior a 7,5 persoas por cada 1.000 (2015-2020).

- Unha proporción da poboación de 25 a 64 anos con educación terciaria inferior á media da UE en 2020.
- Un crecemento da proporción de persoas con educación terciaria inferior á media da UE entre 2015 e 2020.
- Pola súa banda, as **rexións en risco de caer nunha trampa de desenvolvemento do talento** son aquelas con unha taxa media anual de migración neta cara ao exterior de persoas de 15 a 39 anos superior a 2 por 1.000 entre 2015 e 2020.
- Na UE hai **46 rexións nunha trampa de desenvolvemento do talento e 36 rexións en risco de caer nela.**
- En España, **ningunha rexión atópase nunha trampa de desenvolvemento do talento**, aínda que **tres rexións** (Castela e León, Extremadura e Castela A Mancha) están en risco **de caer nela.**
- **Galicia, a pesar do seu claro descenso demográfico, non corre o risco de caer na trampa de desenvolvemento de talento** (seguramente polas súas altas taxas de educación terciaria entre persoas en idade activa, do **42,7%**)